

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación Cultural Colectivo Xelmírez, para actuacións en materia de normalización lingüística.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística formalizará coa Asociación Colectivo Xelmírez, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Asociación Cultural Colectivo Xelmírez para dinamizar o proceso normalizador, levando a cabo unha serie de actuacións de normalización lingüística orientadas a conseguir que a presenza do galego sexa cada vez maior entre o alumnado galego non universitario, polo importante papel que a mocidade desempeña como transmisores xeracionais do noso idioma.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional se fundamentan no seguinte:

De acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística a responsabilidade de levar a cabo as medidas necesarias para acadar a normalización plena da lingua galega correspóndelle ao Goberno galego, que deberá garantir o seu uso como lingua cooficial e adoptar as medidas oportunas para o seu fomento.

As partes asinantes manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara



do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

Así mesmo, as partes queren colaborar no Plan de dinamización da lingua galega na mocidade, co que se pretende mostrar á xente nova a utilidade de coñecer o galego e potenciar así o seu uso neste colectivo, para o cal o citado plan incluírá medidas conducentes a incrementar a súa presenza nos espazos nos que se move a mocidade, así como a oferta de actividades e produtos en galego en áreas como o deporte, o asociacionismo, o lecer, a cultura, o ensino, a tecnoloxía ou o emprego

Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade considera esencial apoiar iniciativas que respondan a obxectivos de interese social e que contribúan a sensibilizar e promover unha actitude positiva cara á lingua galega especialmente no ámbito en que desenvolve a súa actividade a Asociación Cultural Colectivo Xelmírez que ten por finalidade non soamente conseguir prestixiar e promover a estima do galego como feito diferencial da nosa terra, senón que tamén se trata de manter viva entre a nosa xuventude a chama do idioma, da cultura e da identidade dun pobo que fará posible que a lingua se manteña viva no transcurso do tempo.

Que pola singularidade do seu obxecto, que persegue unicamente obxectivos de utilidade pública, polas características das actividades que se desenvolven ao abeiro do convenio e por ser a citada entidade a única destas características en Galicia, non resulta posible promover a concorrência pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento



Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura deste instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase telematicamente esta memoria, en Santiago de Compostela.

